

Acta número 7/2008, da Comisión de Persoal.

Asistentes:

POLA ADMINISTRACIÓN.

Presidenta

María del Mar Rodríguez Fernández

Secretario

Víctor Gallego Vincent

Presidencia da Xunta de Galicia

Eva Sanín Mariño

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

Ramón del Valle López

C. Economía e Facenda.

M^a J. Villaverde Gómez

J. Carlos Carid Fernández

C. de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte

María Chas de la Calle

Juan López Lagares

Luis Vázquez Rodríguez

C. Educación e Ordenación Universitaria

Jose Luis Canosa Baldomir

Marina García Valeiras

C. Innovación e Industria

José Carlos Fagín Taboada

C. Cultura e Deporte

Carlos Amoedo Souto

C. Sanidade

Antonio José Fernández Paniagua

C. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

María Lourdes Batán Aira

C. Traballo

M^a del Carmen Calviño Rodríguez

Consello Consultivo de Galicia

Lino Sexto Bermúdez

POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

CIG

Manuel Gallardo Canitrot

CC.OO.

Eduardo Freire Pousa

Pedro Méndez Gil

UGT

José Francisco Núñez Rodríguez

Antonio Pais Andrade

CSI-CSIF

Álvaro Fernández Baamonde.

Carmen Noya Castro

En Santiago de Compostela, sendo as 12 horas do día doce de maio do ano dous mil oito, reúnen-se en sesión ordinaria, no salón de actos grande da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, as persoas relacionadas, membros da Comisión de Persoal segundo a seguinte orde do día:

Punto primeiro: Lectura e aprobación, de ser o caso, da actas 4, 5 e 6/2008 correspondente a sesión anterior.

Xunto coa acta 4/2008 apróbase a acta 3/2008 polo recollido no seu punto primeiro da orde do día que quedou pendente de redacción na aprobación desta.

Apróbanse, por unanimidade, tamén as actas 4, 5 e 6/2008 correspondentes ás sesións anteriores.

Punto segundo: Proposta de orde pola que se regulan as bases para as convocatorias de accións formativas en materia de seguridade e saúde laboral para o persoal funcionario e laboral de novo ingreso na Xunta de Galicia.

O representante de CIG manifesta: Que vota a favor e que lles gustaría que os cursos foran pronto e que o persoal de extinción de incendios os realicen antes dos mesmos.

O representante de CCOO manifesta: Que votan a favor e que os cursos se deberían facer

unha vez se tome posesión do posto de traballo.

O representante de UGT manifesta: Que votan a favor.

O representante de CSI-CSIF manifesta: Que votan a favor e que as actividades formativas se terían que realizar sendo empregado público.

A directora xeral manifesta que se aproba o presente punto da orde do día co voto a favor das catro OOSS.

Punto terceiro: Proposta de modificación da resolución de 14 de xullo de 2004 da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se ordena o rexistro e publicación no DOG, do acordo de dereitos de participación do persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos laborais.

O representante de CIG manifesta: Que vota en contra e pide unha mesa de negociación para un novo acordo nesta materia.

O representante de CCOO manifesta: Que vota a favor, resalta negativamente que hai poucas reunións dos comités de seguridade e saúde producíndose unha de cada catro das que se ten que realizar anualmente.

O representante de UGT manifesta: Que vota a favor sendo esta unha revisión do acordo.

O representante de CSI-CSIF manifesta: Que votan a favor e que o persoal non docente non pode estar representado polos docentes nos comités de educación.

A directora xeral manifesta que se aproba o presente punto da orde do día co voto a favor de CCOO, UGT e CSI-CSIF e o voto en contra de CIG..

Punto cuarto: Proposta de orde ...pola que se modifica a orde de 11 de xuño de 2007, pola que se convoca concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na administración xeral da Xunta de Galicia en execución de sentenza.

A directora de función pública expón que o presente punto da orde do día trátase da comunicación á Comisión de Persoal da retirada dunha praza no concurso en execución de

sentenza.

O representante de CCOO solicita que conste que piden a mesma solución para tres prazas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en Ourense.

A directora de función pública expón que os supostos de feito son distintos nos dous supostos, sendo a cuestión nas prazas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en Ourense o dilucidar a fixeza ou non dos que promoveron o recurso, e o suposto que se presenta á comisión e en relación a causas de saúde e aplicación da normativa anterior e nova Lei da función pública.

Punto quinto: Proposta de modificación da RPT da Consellería de Cultura.

O representante de CIG manifesta que se absten na presente proposta estando a favor dos pluses e en contra da apertura das praza de subdirector a outra administración sen que haxa reciprocidade para os empregados desta administración.

O representante de CCOO manifesta que se abstén na presente proposta, afirma que non houbo negociación e solicita que se lles convoque para negociar os temas de persoal da consellería.

O representante de UGT manifesta: Que vota a favor porque hai compromiso da consellería de negociar a partir da publicación da presente RPT.

O representante de CSI-CSIF manifestou: “Non houbo unha verdadeira negociación. A primeira reunión incidiu co día de presentación dos presupostos no Parlamento, (27 de novembro do 2007) e a segunda reunión foi a da Mesa Xeral de Negociación. Prometéusenos reunirnos no mes de xaneiro e a Administración non cumpriu esta promesa.

Se traspola á Biblioteca e ao arquivo Nacional unha estrutura de Subdirección X. Que non se corresponde ca destes centros, que son “Servizos de información documental” (SID). O que se utiliza para seguir creando prazas de LD, e incluso para contradicir os propios argumentos que utilizou a Consellería de Cultura e Deportes para abrir a praza de Xefe de Servizo do Libro e Bibliotecas ao grupo B - que todas estas prazas estaban abertas aos 2

grupos – e agora, sen embargo, crea dúas prazas de xefes de servizo cerradas ao grupo A, (según o CSI-CSIF xa alegou na Mesa Xeral). CSI-CSIF pediu unha explicación á Administración na Mesa Xeral, e non obtivo resposta.

As prazas cas que se dotan estes 2 centros, cabeceiras dos sistemas de arquivos e bibliotecas de Galicia, son insuficientes, e ademais, créanse as prazas de técnicos con niveis base.

O resto de centros de arquivos, bibliotecas e museos seguen arrastrando problemas históricos de dotación de prazas, niveis e estrutura xa que non se afronta a súa reforma.

Por todo isto CSI-CSIF, vota en contra desta modificación”.

A directora xeral manifesta que se aproba o presente punto da orde do día co voto a favor de UGT, o voto en contra de CSI-CSIF e a abstención de CIG e CCOO.

Punto sexto: Proposta de modificación da RPT do Consello Consultivo.

A directora da función pública manifesta que a presente proposta se trae a efectos informativos dado que se trata da execución dunha sentenza.

Punto sétimo: Proposta de modificación da RPT da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte (Axencia de Protección da Legalidade Urbanística), co respecto á negociación que se producirá o día 9 de maio na mesa xeral de empregados públicos.

O representante de CIG manifesta que o seu voto é en contra da presente proposta, e que están en contra da apertura a outras administracións sen reciprocidade e en postos de concurso de nivel superior ao base dos distintos grupos.

O representante de CCOO manifesta que votan en contra e que non se recolleron as súas alegacións sobre a apertura de postos aos grupos A, B e C nas seccións e aos grupos A e B nos servizos sen o requisito da titulación.

O representante de UGT manifesta que vota a favor polo manifestado na mesa xeral, pero

que están en contra da apertura da praza á administración local.

O representante de CSI-CSIF manifesta que votan en contra da presente proposta.

A directora xeral manifesta que se aproba o presente punto da orde do día co voto a favor de UGT e o voto en contra do resto das OOSS.

Punto oitavo: Rogos e preguntas.

CIG pregunta sobre a toma de posesión dos laborais da OPE do 2005.

A directora da función pública contesta que esto depende do acordo da administración e das OOSS dado que hai que modificar ou aprobar un novo convenio para cumprir as previsións establecidas no acordo asinado recentemente no que se fala da toma de posesión non definitiva deste persoal.

O representante de UGT maniféstase preocupado pola falta de convocatoria de negociación do V Convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

A directora xeral da función pública informa que o Fondo de Acción Social sairá publicado no DOG o vindeiro día 19 de maio.

E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás doce horas trinta minutos do día sinalado supra.

VISTO E PRACE
A PRESIDENTA

DOU FE
O SECRETARIO

Asdo.: M^a del Mar Rodríguez Fernández

Asdo.: Víctor Gallego Víncent.